

OVERBOOKING

“A aparencia volveuse total ...”

Th. W. Adorno

Ás veces semella que a vida fixo unha sobreventa de prazas dispoñíbeis. Por ese motivo é difícil achar o teu lugar no campo das aparencias.

As hordas do “eu” loitan unhas contra as outras nun desesperado intento de atopar un asento libre. Nese momento desenvolves un comportamento déspota contigo mesma e cos demais, que pode chegar a destruírte.

Na adolescencia este momento é especialmente crítico, debido á dificultade para distinguir fielmente o trazado entre o real e o imaxinario. Esta situación de volatilidade negativa pode extraer un aguillón de resentimento da memoria, que acabará por buscar vinganza no propio corpo ao inxusto proceder dunha sociedade que fixo trampas co seu lugar no mundo.

A posición da adolescencia nunca é contemplativa. Podemos ter a seguranza de que máis cedo que tarde vai actuar. Non regatea coa conciencia nin comercializa coa personalidade. Son ao mesmo tempo obxecto e concepto tremendamente fráxiles.

Se os adultos non estamos atentos ás súas necesidades espirituais, se só lles ofrecemos bens materiais, aínda sendo envoltos no máis xeneroso amor, pode que consciente ou inconscientemente rachen ese veo protector e xoguen a abdicar da existencia.

Hai páxinas que esgazan todas as regras preestablecidas. Deben ser silenciadas. Esta é só a cuberta dun relato que quedou por rematar...